

Resolución da xefatura territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en A Coruña polo que se inicia o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións dunha vivenda protexida de promoción pública (VPP) no concello de Coruña (A).

Por resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de A Coruña de data 26 de febreiro de 2020 iniciouse o proceso de selección de persoas adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública para a quenda de mobilidade reducida sita na Rúa Ribeira Sacra, nº17, 1ºD no concello da Coruña e pertencente ao expediente C2004/010:44.

Tras a publicación na web do Instituto galego da Vivenda e Solo e ante a ausencia de persoas interesadas na súa adquisición, a vivenda continuou publicitada na páxina web do IGVS para xeral coñecemento.

Dado o tempo transcorrido e ante a falta de demanda, o 13/10/2021 foron enviadas cartas a todos inscritos ou anotados en Coruña para a quenda de mobilidade reducida no Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia para os efectos de informar da existencia desta vivenda dispoñible para a súa posible adquisición en segundas transmisións. O dito proceso rematou sen que ningún demandante de vivenda amosase o seu interese.

Por todo o anteriormente exposto, e de acordo co disposto na Lei 8/2012 do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como as acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas, a xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de A Coruña

ACORDA

PRIMEIRO - Iniciar o proceso de selección das persoas adquirentes das VPP en segundas ou posteriores transmisións para a vivenda que se relaciona a continuación:

Concello de Coruña (A):

Número de vivendas: 1

Vivenda situada na rúa: RIBEIRA SACRA, Nº 17, 1º D
Expediente: C2004/010 Conta: 44
Superficie: 81.97 m²
Número de dormitorios: 3
Garaxe: Si. Rocho: Si.
Prezo (incluídos garaxe e rocho vinculados): 68.346,59 €





SEGUNDO - Ofertar a dita vivenda a través da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo ás persoas interesadas na súa adquisición, que estean inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia tanto na quenda xeral como de mobilidade reducida á data desta resolución.

As persoas interesadas deberán manifestar o seu interese na adquisición da vivenda citada no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web, mediante escrito dirixido á Área Provincial do IGVS en A Coruña, á seguinte dirección:

R/ Vicente Ferrer, 2 - 15008 A Coruña

No dito escrito farán constar os seus datos persoais e o número de credencial asignado á unidade familiar no citado rexistro.

TERCEIRO - Requisitos dos adquirentes:

Poderán acceder a esta VPP as persoas, nacionais ou estranxeiras, maiores de idade ou menores emancipados que reúnan os requisitos do apartado d) do artigo 3 do Decreto 253/2007, e con plena capacidade de obrar que, como titulares dunha unidade familiar, reúnan os seguintes requisitos:

1. Atoparse inscrito ou anotado na Sección Primeira do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia tanto na quenda xeral como de mobilidade reducida para o concello no que se sitúa a vivenda á data desta resolución de inicio.

2. Ter ingresos ponderados por unidade familiar maiores o iguais a 0,7 veces o IPREM e menores ou iguais a 2,5 veces o IPREM.

3. Carecer de vivenda en calidade de propietario/a, agás que se dean algunha das seguintes circunstancias:

a) Excepcionalmente, poderan acceder a unha vivenda protexida as persoas que sexan propietarias doutra vivenda cando estea suxeita a expediente de expropiación forzosa, as persoas separadas ou divorciadas que se atopen ao corrente no pagamento das pensións alimenticias e compensatorias e que fosen privadas do uso da vivenda por sentenza ou convenio regulador e as que ocupen aloxamentos provisionais como consecuencia de actuacións de emerxencia ou remodelacións urbanas que impliquen a perda da súa vivenda ou calquera outra situación excepcional declarada polo organismo competente en materia de vivenda (art. 64.1 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia).

b) Acreditar que a vivenda da que se dispón sexa inhabitable, insuficiente ou inadecuada nos termos especificados na Resolución do 14 de de setembro do 2012 do Instituto Galego da Vivenda e Solo. Neste suposto quedarán obrigados a ofertar ao IGVS a dita vivenda a efectos do disposto no artigo 10.I.3b do Decreto 253/2007.





De conformidade co artigo 10.II do Decreto 253/2007 non poderán acceder a VPP os que se atopen nalgunha destas circunstancias:

a) Que xa foran titulares de VPP e a perdesen como consecuencia dun procedemento de desafuzamento, resolución de contrato tramitado polo IGVS ou a alleasen por calquera causa, coa excepción de cambio de residencia por motivos laborais, ou outros xustificados, a xuízo da Comisión Provincial.

b) Que sexan titulares de bens inmobles de natureza rústica ou urbana suxeitos ao imposto sobre bens inmobles que teñan un valor catastral superior a 30.000 euros.

CUARTO - Réxime de adquisición da vivenda:

A vivenda adquirirase en propiedade, en virtude do contrato de compravenda que se formalice co anterior propietario.

O modelo de contrato será facilitado polo IGVS e unha vez asinado deberá presentarse ante este organismo para o seu visado.

QUINTO - Procedemento de selección:

De acordo co disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007 e no artigo 31 do Decreto 1/2010 o proceso de selección de adquirentes será o de sorteo entre as persoas que reúnan os requisitos sinalados no apartado terceiro e que manifesten expresamente o seu interese na adquisición da vivenda.

O dito sorteo celebrarase ante notario. O resultado do sorteo notificarase aos interesados, é dicir, ao primeiro integrante da lista e ao vendedor. Na notificación faranse constar os datos do adquirente e do vendedor, así como o prezo de venda da vivenda e anexos.

No caso de que se presente unha soa solicitude de adquisición no prazo indicado, será designado directamente como adquirente o demandante que tivese presentado a dita solicitude, previa comprobación do cumprimento dos requisitos previstos no apartado terceiro.

No suposto de que non se tivese presentado ningunha solicitude para participar no procedemento de selección de adquirentes, continuarase coa publicación da oferta de venda na páxina web do IGVS para xeral coñecemento, podendo ser autorizada a súa transmisión directa a favor do/a interesado/a que figurando inscrito no Rexistro Único como demandante de vivenda de promoción pública cumpra os requisitos especificados no apartado terceiro.

A persoa designada como adquirente no sorteo concederáselle un prazo de **10 días** para comunicar a súa aceptación. De non aceptar ou de non presentar a dita comunicación en prazo entenderase que non está interesado/a na adquisición e procederase a designar





como adquirente ao seguinte persoa da lista de espera que de ser o caso se tivese confeccionado.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao de recepción da presente notificación perante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de conformidade co previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, asinado electronicamente



D./Dna. _____ con D.N.I.
_____, e nº de inscrición no Rexistro Único de Demandantes de
Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia _____, á vista da oferta de
vivendas de promoción pública en segundas transmisións, para selección de
adquirentes, publicada no portal de Internet do IGVS,

SOLICITO:

A inclusión no procedemento de selección de adquirentes para a/s vivenda/s que a
continuación sinalo, de conformidade co disposto no artigo 31 do Decreto 1/2010, do
8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da
Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así
como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.

Vivenda/s nas que estou interesado (Marque as que correspondan):

- C2004/010:44 (RIBEIRA SACRA, Nº 17, 1º D) - Coruña (A)

_____, ____ de _____ de 202__

Sinatura

Área Provincial do IGVS na provincia de A Coruña